

en Altamira comeza a arte española, ou incluso españolista, pero malia que toco a prehistoria, non por iso caio no erro de afirmar, por exemplo, que os dolmens sexan arte galego, nun senso galeguista.

**—Aínda así, existen elementos diferenciais na arte prehistórica de Galicia que non aparecen en ningún outro país actual?**

—Cando se examina a arte de Europa, sempre atopas elementos distintos nun sitio ou noutros. A arte prehistórica galega está obviamente relacionada coa cultura atlántica, e quizais os elementos máis distintivos en Galicia sexan os petróglifos; temos aí unha riqueza enorme que singulariza o patrimonio de noso e que, aínda que non son exclusivos de Galicia, na Península Ibérica o núcleo galego é o máis relevante, xunto co do Norte de Portugal.

**—En que medida influíu Santiago como centro espiritual e artístico europeo na proliferación do románico, no que somos unha auténtica potencia?**

—O caso do románico é moi singular para Galicia polo feito de que no momento en que se constrúe a catedral de Santiago, non hai nada parecido na Península Ibérica. É dicir, o románico que se está xestando no século XI é un fenómeno que, aínda que se produce en territorio francés, a súa chegada implicou unha transformación absoluta do contexto cultural que está relacionada tamén co contexto sociopolítico da época: é o momento da grande expansión da Europa cristiá e, ao mesmo tempo, da súa expresión artística. E no caso da Península Ibérica é o intre das ordes relixiosas de orixe franca, co que puido significar tamén de transformación do culto nesa época. Iso, en Galicia, foi moi importante porque Santiago veu ser a punta de lanza dunha transformación estética moi grande. Foi polo Camiño de Santiago polo que se produciu esa transformación e, nese senso, nesa altura en Galicia estase a facer

arte de vangarda.

**—Agora estase a desmentir, pero ata hai moi pouco dábase constancia da existencia duns Séculos Escuros na historia das letras galegas. Existiu algún período semellante ao que se entendeu por Séculos Escuros na historia da arte ga-**

**lega?**

—Os períodos finais do Imperio Romano e da Alta Idade Media sempre son os máis escuros no sentido de que temos menos información documental e menos pezas, algo que se reflicte nomeadamente na arquitectura, porque desapare-

cen as construcións das grandes catedrais, e ademais a información que temos desa época é moi parcial e ás veces pode dar lugar a percepcións moi pouco axeitadas do que puido ser a realidade.

**—Hai un antes e un despois da Guerra Civil na historia da arte galega?**

—Como noutros ámbitos da nosa realidade histórica, a guerra Civil supuxo un trauma. Hai que ter en conta que moitos artistas, de feito a maioría das grandes figuras da pintura e da escultura da época, se exiliaron, e iso implica un empobrecemento do contexto cultural que tamén abrangue a arquitectura, na que tamén se produciu un grande parón que impediu a evolución das tendencias máis modernas, máis vangardistas, e polo tanto obsérvase unha involución. De feito, a recuperación custou, e aínda está custando, moito traballo.

**—Visto coa distancia que dá o tempo, pódese considerar Atlántica como un fito fundamental da historia da arte galega ou estamos esaxerando?**

—Atlántica xogou un papel importante porque xurdiu nun momento especial no que se crea unha dinámica modernizadora, aberta ao exterior, que afecta non só ao núcleo dos artistas de Atlántica, senón tamén a outros que non estaban nese colectivo, pero que si vivi-

ron ese ambiente de apertura estética moi rico e moi diverso. E ademais do valor das obras, Atlántica deulle á arte galega unha proxección que non tiña.

**—Unha curiosidade: dedica Vde. un capítulo á escultura dos anos 70/80, e iso significa que o considera singular. Por que resulta tan importante, en concreto, a escultura nesa altura da nosa historia recente?**

—Para min, escultura galega nese período adquire unha identidade moi intensa con obras moi relevantes. E a isto hai que engadir que, en moitos artistas, se trata dunha escultura moi ligada a unha identidade galega moi profunda, pero ao mesmo tempo transformada a realidade actual, á modernidade. Sen dúbida estamos diante dun fenómeno moi interesante, e por iso considerei que merecía que se reparase nel.

**—Tamén descobre Vde. a mulleres artistas que moitos non coñecen.**

—É un acto de xustiza. Porque hoxe é evidente a presenza da muller na arte e cun papel protagonista, pero non sempre foi así, como todo o mundo sabe. Por exemplo, xa no século XIX cito a artistas coma Alexandra Murguía (filla de Rosalía), Lina Molins, Carmen Babiano, Elvira Santiso... ou, no XX, Lolita Díaz Balino ou Carme Corredoira... e tamén, claro, Maruja Mallo, máis esta si que é coñecida

Carlos Bernárdez - CRÍTICO DE ARTE

## “As mulleres merecen ser recoñecidas na historia da arte galega”

*En Unha historia da arte galega (Laiovento), Bernárdez leva a cabo un longo percorrido, desde as mámoas e os petróglifos até ás últimas tendencias estéticas. Asemade realiza un achegamento á imaxe artística galega: un anaco da tradición cultural europea producida nun país que posúe unha singularidade de seu.*

LOURDES VARELA

Carlos Bernárdez, na súa casa en Vigo.

FOTO: @ELIREGUEIRA

**—Estamos diante dun libro que abrangue dende a prehistoria até os nosos días, e iso merecería unha enciclopedia. Cal foi o seu obxectivo cando se propuxo escribir Unha historia da arte galega?**

—Obviamente, trátase dunha temática que ocuparía un espazo inmenso, pero o que fixen moi máis ben un ensaio, unha síntese elaborada cun estilo persoal, o cal xa se desprende do propio título, no que dou conta de que estou construindo unha historia, ao cabo un relato, que non é “a historia da arte galega” senón “unha historia da arte galega”. En canto ao obxectivo, un, cando se pon a escribir un libro coma este, ten a intención de construír un discurso propio. En todo caso, e de que eu saiba, non se publicara un libro semellante, sobre a arte de noso.

**—Hai artistas que rexeitan a expresión “arte galega” para definir a súa obra, e prefiren as de “arte feita por un galego” ou “arte feita en Galicia”. En que principios fundamenta Vde. a existencia dunha arte galega?**

—Entendo iso por parte desas artistas porque cada quen pode adoptar un punto de vista distinto. Por iso chámolle *arte galega* no sentido de que é unha arte construída nun marco, nun territorio ou nunha comunidade humana concretas, do mesmo xeito que se pode falar de arte española ou arte europea. Hai ata quen di que